

PROGRAMACIÓN DE ARMONÍA

2025/2026



CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS	CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:
CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

Índice

1.	Introdución	3
1.1	Marco legal	3
1.2	Contextualización da Materia	4
2.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais.....	5
2.1	Obxectivos xerais	5
2.2	Obxectivos Específicos	6
2.3	Contidos	6
2.4	Criterios de avaliación.....	7
3.	Metodoloxía	7
3.1	Principios metodolóxicos	7
3.2	Métodos didácticos.....	8
4.	Atención á diversidade	9
4.1	Principios xerais da atención á diversidade	9
4.2	Medidas de atención á diversidade.....	9
4.2.1	Adaptacións metodolóxicas.....	9
4.2.2	Apoio e reforzo educativo	9
4.2.3	Atención ao alumnado con altas capacidades.....	10
4.3	Coordinación e seguimento.....	10
5.	Temas transversais.....	10
5.1	Educación en valores	11
5.2	Desenvolvemento persoal e social.....	11
5.3	Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible.....	11
5.4	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	11
6.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	12
6.1	Concertos e recitais	12
6.2	Obradoiros e masterclasses.....	12
6.3	Colaboracións con outras disciplinas artísticas.....	12
7.	Secuenciación por cursos	13
7.1	Curso 1º de Harmonía.....	14
7.1.1	Obxectivos.....	14
7.1.2	Contidos.....	14
7.1.3	Avaliación.....	15
7.1.4	Recursos didácticos	20

7.2	Curso 2ª de Harmonía	21
7.2.1	Obxectivos.....	21
7.2.2	Contidos	21
7.2.3	Avaliación.....	22
7.2.4	Recursos didácticos	27
7.3	Curso 3º de Harmonía	28
7.3.1	Obxectivos.....	28
7.3.2	Contidos	28
7.3.3	Avaliación.....	30
7.3.4	Recursos didácticos	34
7.4	Curso 4º de Harmonía	36
7.4.1	Obxectivos.....	36
7.4.2	Contidos	36
7.4.3	Avaliación.....	37
7.4.4	Recursos didácticos	42
8.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	43
9.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	44
10.	Anexos.....	44
10.1	Probas de acceso a 1º de grao profesional	44
10.2	Probas de acceso a outros cursos	44
10.3	Faltas de asistencia.....	45

1. Introducción

A materia de Harmonía na especialidade de Música Moderna ten como obxectivo dotar o alumnado das ferramentas teóricas e prácticas necesarias para comprender, analizar e aplicar os fundamentos harmónicos na interpretación, composición e arranxos musicais dentro dos diversos estilos contemporáneos.

O estudo da harmonía na música moderna abrangue desde os conceptos básicos de intervalos, escalas e acordes ata a análise de progresións harmónicas, reharmonización e voicings avanzados. Esta formación non só é fundamental para a interpretación e a composición, senón que tamén favorece a improvisación e o desenvolvemento dunha linguaxe musical propia.

No grao Profesional, o ensino da harmonía adáptase ás necesidades específicas do alumnado de música moderna, permitindo a súa integración con outras materias como o instrumento principal, a composición e o conxunto instrumental.

1.1 Marco legal

A programación da materia de Harmonía na especialidade de Música Moderna baséase na normativa vixente aplicable ás ensinanzas profesionais de música en España e en Galicia. Téñense en conta os seguintes documentos:

Normativa estatal

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, que establece o marco xeral das ensinanzas artísticas e profesionais de música.
- **Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en España.
- **Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo**, polo que se regula o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e os títulos correspondentes.

Normativa autonómica (Galicia)

- **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Orde do 29 de setembro de 2015**, pola que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia, detallando os contidos específicos de cada materia.

- **Orde do 11 de xuño de 2010**, pola que se regulan os aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Decreto 426/2003, do 30 de outubro**, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de réxime especial en Galicia, incluíndo os conservatorios profesionais.
- **Decreto 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 en canto á organización dos conservatorios profesionais.
- **Orde do 28 de xullo de 2008**, pola que se establecen os criterios de avaliación e promoción do alumnado nas ensinanzas profesionais de música en Galicia, disposta no Decreto 198/2007, do 27 de setembro.
- **Circular 15/2011**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan os aspectos organizativos dos conservatorios profesionais de música en Galicia.

Normativa interna

- **Normativa interna do centro autorizado**, onde se detallan aspectos organizativos específicos, como a distribución horaria, os criterios de avaliación e as metodoloxías didácticas.

1.2 Contextualización da Materia

A materia de Harmonía de Música Moderna se imparte no CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas, un centro especializado na formación de músicos cun enfoque práctico e innovador. Este centro autorizado ten como obxectivo ofrecer unha formación de alta calidade que prepare aos alumnos para desenvolver as súas habilidades musicais dentro dos contextos profesionais contemporáneos.

A sinatura de Harmonía Moderna está especialmente deseñada para proporcionar ao alumnado os coñecementos necesarios para comprender a estrutura harmónica da música moderna, mellorar as súas capacidades de improvisación e análise, e aplicalos en conxuntos

instrumentais. Ao longo do curso, os estudantes aprenderán a identificar e aplicar progresións harmónicas propias dos diferentes estilos musicais contemporáneos, como o jazz, o rock, a música popular e outras vertentes da música moderna.

O alumnado que cursa esta materia provén de diversos contextos musicais e instrumentais, con formación previas que poden variar en función da súa especialidade. A programación está deseñada para adaptarse ás necesidades e niveis individuais dos estudantes, co fin de garantir que cada un poida avanzar na súa formación ao ritmo que lle corresponde. A diversidade do alumnado é unha das características máis destacadas do centro, polo que a materia de Harmonía tamén fomenta a cooperación e o traballo en equipo.

Ao ser unha sinatura clave na formación de músicos modernos, Harmonía de Música Moderna está integrada de maneira transversal con outras materias como Conxunto Instrumental e Historia da Música, buscando sempre unha visión global e aplicada da música. Así, os estudantes non só adquirirán coñecementos teóricos, senón que poderán aplicalos na súa práctica diaria como músicos activos en diferentes proxectos musicais.

2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais

O decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade.

2.1 Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais definen as metas principais que se deben alcanzar ao longo do curso, establecendo a orientación global da materia, conforme os obxectivos establecidos na Orde do 29 de setembro de 2015:

1. Fomentar no alumnado o coñecemento e comprensión das progresións harmónicas e das estruturas características global da materia.
2. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico cultural.
3. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
4. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de enriquecemento persoal.

5. Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
6. Desenvolver habilidades na improvisación harmónica, aplicando os coñecementos adquiridos á práctica instrumental.
7. Potenciar a capacidade de análise e reharmonización de obras musicais contemporáneas, tanto no ámbito da música popular como no jazz e outros estilos modernos.
8. Integrar os contidos teóricos de harmonía na práctica en conxuntos instrumentais, fomentando a interacción e a creatividade musical.

2.2 Obxectivos Específicos

Os obxectivos específicos detallan as competencias e habilidades concretas que o alumnado debe desenvolver:

1. Aplicar de maneira correcta as técnicas de harmonización modernas en diferentes estilos musicais.
2. Desenvolver a capacidade de análise e reharmonización de acordes en función das necesidades estilísticas e interpretativas do alumno.
3. Mellorar as competencias auditivas do alumnado mediante o traballo práctico e a análise crítica de partituras e improvisacións.
4. Aplicar técnicas de modulación e do uso de acordes alterados para ampliar a súa paleta harmónica.
5. Desenvolver habilidades na creación e interpretación de progresións harmónicas complexas, como as que se atopan en estilos do jazz e música experimental.
6. Aplicar coñecementos de arranxos harmónicos na creación de pezas propias.
7. Explorar as posibilidades de harmonización de melodías simples, utilizando diferentes escalas ou ornamentacións.

2.3 Contidos

1. Conceptos básicos de harmonía: intervalos, acordes tríada e cuatríada, funcións harmónicas.
2. Modos gregos e escalas exóticas e cromáticas.
3. Acordes estendidos, dominantes secundarios e substitutos tritonais.
4. Tipos de cadencias.
5. Reharmonización por cambios de acorde, intercambio modal.
6. Progresións harmónicas típicas do jazz.
7. Análise de pezas de jazz.
8. Composición de progresións harmónicas.

2.4 Criterios de avaliación

1. Capacidade do alumnado para aplicar os conceptos harmónicos á análise de pezas musicais.
Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade para identificar os acordes, cadencias e progresións harmónicas nun contexto moderno.
2. Habilidade na reharmonización de melodías e na creación de novas progresións harmónicas, co que se avalía a capacidade para modificar unha progresión harmónica mantendo a coherencia con respecto á melodía.
3. Comprensión e aplicación das normas harmónicas en diferentes estilos de música moderna .
Este criterio avalía a capacidade de distinguir as características harmónicas de cada estilo musical.
4. Avaliarase a implicación do alumnado en clases prácticas, así como a súa capacidade para realizar análises correctas.
5. Capacidade para identificar e aplicar acordes maiores, menores, sétimos, novenos, e outros acordes estendidos nun contexto moderno, xa sexa para análise ou composición.
6. Coñecemento e capacidade para aplicar os modos gregos e outras escalas utilizadas na música moderna para crear progresións harmónicas.
7. Aplicación das técnicas de reharmonización de melodías, utilizando acordes de paso, acordes substitutivos e outras técnicas avanzadas.

3. Metodoloxía

A metodoloxía estará centrada na aprendizaxe práctica e aplicada, permitindo ao alumnado non só adquirir coñecementos teóricos, senón tamén aplicalos á súa creación musical, análise de pezas e improvisación.

Fomentarase un enfoque activo, onde se incentive a participación, a creatividade e a colaboración entre os estudantes.

3.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia:

- **Actividades teóricas e prácticas:** mediante clases expositivas para introducir conceptos clave de harmonía: escalas, acordes, modos, función tonais... O alumnado realizará traballos individuais e en grupo sobre análise de pezas e composicións harmónicas.
- **Participación:** traballos en grupo no que os estudantes analicen e reharmonicen pezas, permitindo a interacción e o intercambio de ideas, mellorando a súa capacidade crítica.

- **Actividades de avaliación continua:** mediante exercicios prácticos e proxectos individuais.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** tendo en conta as características do alumnado adecuarase a temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** nos casos en que as actividades requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentado o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicacións reais.
- **Interdisciplinabilidade:** buscarase relacionar os contidos da materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.
- **Creatividade:** ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realízase tratando de estimular o pensamento e a imaxinación.

3.2. Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica, tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Este modelo parte da idea de que o coñecemento é unha construción persoal na que o alumnado elabora significados propios a partir dos coñecementos previos. A aprendizaxe prodúcese a través dunha actividade intelectual e práctica, onde o estudante participa activamente no seu proceso de aprendizaxe e constrúe novas comprensións a partir da súa propia experiencia.
- **Aprendizaxe significativa:** Este enfoque está estreitamente relacionado co modelo constructivista, xa que a adquisición de coñecementos realiza nun proceso de construción sobre os esquemas previos do alumnado. Ao incorporar nova información, o estudante amplía e modifica as súas comprensións, conseguindo que o aprendizaxe sexa útil e transferible a novas situacións e contextos.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- O alumnado debe ter unha boa actitude, fomentando bo clima na clase, a autoconfianza e finalidade.
- Presentando de maneira lóxica os conceptos.
- Relacionando as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.
- O alumnado debe darlle importancia ao estudo individual, polo que se fomentará o interese e o respecto polo habito de estudo dunha maneira eficiente.

4. Atención á diversidade

A atención á diversidade na materia de **Harmonía de Música Moderna** parte do principio de que todos os estudantes presentan necesidades, intereses e ritmos de aprendizaxe diferentes. Por iso, débese garantir unha ensinanza flexible e adaptada, favorecendo a inclusión e a equidade educativa.

4.1 Principios xerais da atención á diversidade

Para atender adecuadamente á diversidade do alumnado, esta programación basearase nos seguintes principios:

- **Inclusión:** Adaptar a ensinanza para que todos os estudantes poidan participar activamente na aprendizaxe da harmonía moderna.
- **Persoalización da aprendizaxe:** Ofrecer estratexias e recursos adaptados aos diferentes niveis e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- **Flexibilidade metodolóxica:** Empregar metodoloxías diversas que permitan a participación activa e significativa de todo o alumnado.
- **Equidade:** Garantir que todos os estudantes, independentemente das súas capacidades ou circunstancias, poidan desenvolver ao máximo as súas competencias musicais.

4.2. Medidas de atención á diversidade

Para garantir unha aprendizaxe equitativa e adaptada, implementaranse as seguintes medidas:

4.2.1 Adaptacións metodolóxicas

- Uso de materiais visuais e auditivos para reforzar os contidos teóricos.
- Emprego de software de notación e produción musical para facilitar a comprensión das estruturas harmónicas.
- Aprendizaxe baseada en proxectos, permitindo que cada alumno desenvolva o seu propio ritmo de traballo.
- Uso de exemplos prácticos adaptados aos diferentes niveis do alumnado.

4.2.2 Apoio e reforzo educativo

- Creación de itinerarios individualizados para estudantes con dificultades de aprendizaxe.
- Sesións de reforzo para aqueles que precisen máis tempo para a adquisición de conceptos.

- Disposición de recursos complementarios como tutorías individuais ou grupais.

4.2.3 Atención ao alumnado con altas capacidades

- Propostas de actividades de ampliación, como o estudo de harmonías avanzadas e a exploración de estilos musicais diversos.
- Proxectos de creación musical máis complexos para potenciar o desenvolvemento creativo e teórico.
- Participación en concursos ou actividades externas que favorezan a motivación.

4.3. Coordinación e seguimento

Para unha correcta aplicación das medidas de atención á diversidade, levarase a cabo un seguimento continuo a través de:

- Avaliacións individualizadas para detectar necesidades específicas do alumnado.
- Coordinación co equipo docente para o deseño de estratexias comúns.
- Reunións periódicas cos responsables de orientación para garantir unha resposta educativa axeitada.

Con estas medidas, preténdese asegurar que todo o alumnado teña acceso a unha educación de calidade, adaptada ás súas necesidades e que favoreza o seu desenvolvemento integral na música moderna.

5. Temas transversais

A educación musical, ademais de desenvolver competencias técnicas e artísticas, tamén contribúe á formación integral do alumnado a través da integración de temas transversais. Estes aspectos fomentan valores fundamentais que enriquecen o proceso educativo e a sociedade en xeral.

O currículo das ensinanzas de réxime especial de música abrangue unha serie de elementos transversais que serven como vehículo para a reflexión sobre a dimensión máis humana da educación. A través da música, pódense abordar cuestións fundamentais que van máis aló da técnica e da teoría, promovendo unha educación integral.

5.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- **Educación para a saúde:** abordarse a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- **Igualdade de xénero:** fomentar unha visión igualitaria da música, visibilizando tanto figuras masculinas como femininas dentro da historia da harmonía e da música moderna.
- **Respecto e convivencia:** a música promove o traballo en equipo e a colaboración, fomentando o respecto polas ideas e contribucións dos demais.

5.2 Desenvolvemento persoal e social

- **Creatividade e pensamento crítico:** O estudo da harmonía fomenta a capacidade de análise, creación e reinterpretación da música.
- **Autoestima e expresión emocional:** A música é unha ferramenta de expresión persoal que permite ao alumnado desenvolver confianza en si mesmo.
- **Responsabilidade e esforzo:** A aprendizaxe musical require disciplina, estudo e compromiso, habilidades transferibles a outros ámbitos da vida.

5.3 Educación para a cidadanía e o desenvolvemento sostible

- **Educación ambiental:** tratarase a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- **Uso responsable das novas tecnoloxías:** Integración de ferramentas dixitais na aprendizaxe da harmonía, garantindo un uso ético e crítico da tecnoloxía.

5.4 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

- **Uso de software especializado:** Aplicación de programas de edición e notación musical para a análise e creación harmónica.
- **Gravación e produción musical:** Introducción a ferramentas dixitais que permitan ao alumnado gravar e producir as súas propias composicións.

- **Aprendizaxe en liña:** Emprego de plataformas dixitais para compartir contidos, realizar actividades interactivas e fomentar a autoaprendizaxe. Procura de datos históricos do jazz ou outro estilo musical, así como o interese polo coñecemento de novas pezas de diferentes estilos musicais.

A incorporación destes temas transversais na programación didáctica de **Harmonía de Música Moderna** contribúe a unha educación máis completa, preparando ao alumnado non só como músicos, senón tamén como cidadáns críticos e comprometidos co seu entorno.

6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

A promoción das ensinanzas de música moderna e a súa integración na vida cultural da comunidade son aspectos fundamentais desta programación. A través de diversas actividades culturais, preténdese enriquecer a experiencia do alumnado, fomentar o contacto co mundo profesional e achegar a música á sociedade.

6.1 Concertos e recitais

- Organización de concertos didácticos para que o alumnado poida amosar os seus coñecementos e evolución musical.
- Participación en festivais locais e autonómicos de música moderna.
- Realización de audicións abertas ao público para fomentar a interacción co entorno.

6.2 Obradoiros e masterclasses

- Invitación de profesionais do sector para impartir clases maxistras sobre temas específicos como a improvisación, a composición ou a produción musical.
- Obradoiros de creación musical onde o alumnado poida desenvolver proxectos persoais e colaborativos.
- Sesións de análise e audicións guiadas de diferentes estilos musicais para ampliar a comprensión da música moderna.

6.3 Colaboracións con outras disciplinas artísticas

- Proxectos interdisciplinarios con outras artes como a danza, o teatro ou a audiovisual.
- Participación en eventos culturais locais, proporcionando música en directo para representacións ou exposicións.

- Creación de bandas sonoras para proxectos audiovisuais de escolas ou entidades culturais.

A través destas iniciativas, non só se busca potenciar o talento do alumnado, senón tamén consolidar o papel da música moderna como parte esencial da cultura e da formación artística na comunidade educativa.

7. Secuenciación por cursos

A materia de **Harmonía de Música Moderna** impártese ao longo de varios cursos, seguindo unha progresión didáctica que garante unha aprendizaxe gradual e estruturada. Dado que non se introduce no primeiro ano de instrumento, é necesario establecer unha correspondencia entre os cursos desta materia e os cursos de instrumento, asegurando unha formación harmónica coherente co desenvolvemento interpretativo do alumnado.

A distribución dos cursos de harmonía dentro do itinerario formativo permite que o alumnado teña unha base teórico-práctica suficiente antes de abordar os contidos máis avanzados. Ademais, facilita a aplicación progresiva dos conceptos harmónicos no estudo do seu instrumento principal, favorecendo unha aprendizaxe contextualizada e funcional.

A continuación, preséntase unha estrutura xeral dos anos nos que se imparten os cursos de harmonía e a súa correspondencia cos cursos de instrumento, permitindo visualizar a relación entre ambas as áreas formativas.

Curso de Instrumento	Curso de Armonía de Música Moderna	Observación
1º Curso	Non impartido	Non se imparte armonía no primeiro curso de instrumento.
2º Curso	Non impartido	Non se imparte armonía no segundo curso de instrumento.
3º Curso	1º Curso de Armonía (Fundamentos de Harmonia, Acordes e Escalas)	Introdución á armonía e contidos básicos, coa finalidade de establecer a base para o desenvolvemento posterior.
4º Curso	2º Curso de Armonía (Acordes Maiores, Menores, e Progresións Harmónicas)	Aprofundamento na estrutura de acordes e na súa aplicación.
5º Curso	3º Curso de Armonía (Modulación, Acordes Compostos, e Análisis Harmónico)	Continuación do desenvolvemento de conceptos harmónicos máis avanzados, con énfase na modulación e análise.
6º Curso	4º Curso de Armonía (Harmonia Funcional, Análisis de Composición Contemporánea)	Aplicación dos coñecementos adquiridos a músicas de maior complexidade, favorecendo a súa comprensión e interpretación no instrumento.

7.1 Curso 1º de Harmonía

7.1.1 Obxectivos

- **Coñecemento dos elementos básicos da harmonía tonal:** O alumnado deberá ser capaz de identificar, describir e comprender os principais elementos da harmonía tonal, como acordes, escalas e cadencias, así como as súas características e funcións dentro dun contexto tonal.
- **Utilización dos procedementos e elementos básicos da harmonía tonal:** Fomentar a capacidade do alumnado para utilizar os elementos básicos da harmonía tonal en traballos escritos, aplicando de forma práctica os coñecementos adquiridos a través de exercicios de composición e análise harmónica.
- **Desenvolvemento do oído harmónico:** Potenciar a capacidade de escoitar internamente encadeamentos tonais sinxelos, tanto en exercicios de análise como na realización de exercicios escritos, mellorando a precisión no recoñecemento auditivo de acordes e progresións harmónicas.
- **Identificación e análise de acordes e procedementos harmónicos:** Fomentar a capacidade do alumnado para identificar, a través da audición e análise de obras, a funcionalidade e natureza dos acordes propios da tonalidade e os procedementos harmónicos máis comúns empregados na música tonal.
- **Valoración da calidade musical:** Promover a capacidade crítica e analítica do alumnado para valorar a calidade das obras musicais a través da análise dos seus elementos harmónicos, fomentando unha apreciación estética da música.
- **Comprensión da relación entre os procesos harmónicos e a forma musical:** Axudar ao alumnado a comprender como os procesos harmónicos se relacionan coa estrutura formal das obras musicais, facilitando unha mellor comprensión de como a harmonía e a forma se relacionan na composición musical.

7.1.2 Contidos

1. Elementos básicos da harmonía tonal

- Definición e características fundamentais da harmonía tonal.
- Acordes: definición, tipos (maiores, menores, aumentados, diminuídos).
- Escalas maiores e menores: construción e propiedades.
- Tonalidade: concepto de tónica, dominante e subdominante.

2. Procedementos harmónicos básicos

- Acordes triádicos: formulación e función dentro dunha tonalidade.
- Cadencias principais: cadencia perfecta, cadencia plagal, cadencia rota e cadencia cromática.
- Progresións harmónicas sinxelas: I-IV-V-I, II-V-I.

3. Valoración estética e crítica

- Reflexión crítica sobre as características harmónicas das obras estudadas.
- Desenvolvemento da capacidade para valorar diferentes enfoques harmónicos dentro de distintas épocas e estilos musicais.

4. Relación entre a harmonía e a forma musical

- A relación entre a progresión harmónica e a estrutura formal das obras (ex: expositivo, desenvolvemento e recapitulado en formas clásicas como a sonata).
- O uso de cadencias e progresións dentro das estruturas musicais.
- Introducción ás formas musicais máis simples (ex: forma binaria e ternaria) e o seu tratamento harmónico.

7.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variadas que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/ra en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** desta avaliación parte o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado e así poder planificar o traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia o 35% da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** levarase a cabo nas probas escritas onde o profesor valorará a comprensión e asimilación da materia ensinada. Suporá o 65% da nota.

7.1.3.1 Criterios de avaliación

1. Comprensión dos conceptos fundamentais da harmonía tonal

Valorarase a capacidade do alumnado para identificar e describir correctamente os acordes básicos, as escalas maiores e menores, así como a súa función dentro da tonalidade.

2. Aplicación práctica dos procedementos harmónicos

Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos adquiridos en exercicios escritos, como a formulación de acordes e progresións harmónicas, e a capacidade para elaborar cadencias e progresións sinxelas.

3. Análise de obras musicais

Avaliarase a capacidade para identificar os acordes, cadencias e procedementos harmónicos empregados en fragmentos de obras musicais en análise escrita.

4. Valoración crítica das características harmónicas nas obras estudadas

Avaliarase a capacidade do alumnado para reflexionar sobre os aspectos harmónicos das obras musicais e a súa capacidade para valorar diferentes enfoques e calidades harmónicas.

5. Capacidade para relacionar a harmonía coas formas musicais

Valorarase a comprensión da relación entre os procesos harmónicos e a estrutura formal das obras musicais, especialmente na identificación de cadencias e progresións dentro de diferentes formas.

7.1.3.2 Actividades de avaliación

- **Probas escritas:** exercicios de intervalos, acordes e escalas. Identificar cadencias e funcionalidade dentro da tonalidade.
- **Exercicios prácticos de composición:** composición de progresións harmónicas utilizando acordes triádicos e cuatriádicos e cadencias sinxelas (I-IV V-I, II-V-I).

- **Probas orais:** unha exposición oral ou discusión en clase sobre a análise de obras musicais, debate sobre a relación entre a harmonía e a forma en obras seleccionadas.

7.1.3.3 Mínimos esixibles

1. Recoñecer e definir os elementos básicos da harmonía tonal: acordes triádicos e cuatriádicos (maiores, menores, aumentados e diminuídos), comprender o concepto de tonalidade e os graos principais da escala (tónica, subdominante e dominante).
2. Aplicar os principios fundamentais da harmonía en exercicios escritos sinxelos: escribir progresións harmónicas básicas (I-IV V-I, II-V-I), construír correctamente os modos gregos, elaborar cadencias.
3. Analizar fragmentos musicais sinxelos desde un punto de vista harmónico: identificar en partituras as progresións harmónicas traballadas no curso, comprender a funcionalidade dos acordes dentro dun contexto tonal.
4. Comprender a relación entre harmonía e forma musical: recoñecer o uso das cadencias na estrutura das obras musicais.

7.1.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.
- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre escalas, acordes e progresións harmónicas, exercicios de escritura de cadencias e encadeamentos harmónicos. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de harmonización de melodías sinxelas, pequenas composición baseadas nos conceptos traballados e análises de fragmentos musicais.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.

- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservárase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase,
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.1.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Aspectos a Avaliar	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos e análise harmónica	Probas escritas do coñecemento de escalas, acordes, progresións, cadencias e funcións harmónicas. Identificación e análise de elementos harmónicos en partituras e audicións.	40%
Aplicación práctica da harmonía	Composición de progresións harmónicas, harmonización de melodías, escritura de cadencias e exercicios de composición básica.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Exercicios teóricos e prácticos sobre os contidos do curso.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Implicación nas clases, realización de tarefas, análise de obras e reflexión crítica sobre o uso da harmonía na música moderna.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.1.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación

dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3, **Mínimos Exixibles**.

7.1.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Harmonía de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.

Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico e unha proba práctica que poderá consistir na harmonización dunha melodía sinxela, a elaboración dunha progresión harmónica coherente ou a análise harmónica dun fragmento musical.

- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.

A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- Exame teórico: preguntas sobre os conceptos fundamentais da harmonía, análise harmónica dun fragmento musical e identificación e funcionalidade de acordes e progresións harmónicas.
- Proba práctica: harmonización dunha melodía sinxela, elaboración dunha progresión harmónica coherente e funcional.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.1.4 Recursos didácticos

Para o correcto desenvolvemento da materia de **Harmonía de Música Moderna**, empregaranse diversos recursos didácticos que permitirán ao alumnado comprender e aplicar os contidos de forma efectiva. Estes recursos inclúen materiais teóricos, ferramentas prácticas e fontes bibliográficas de referencia.

➤ **Material didáctico**

- Apuntes elaborados polo profesorado con explicacións teóricas e exercicios progresivos.
- Esquemas e resumos sobre os principais conceptos harmónicos.
- Audicións analizadas en clase para o recoñecemento práctico das progresións harmónicas.
- Exercicios prácticos de harmonización, análise e composición.
- Software e aplicacións para o estudo da harmonía, como **Sibelius** e **iReal Pro**.

➤ **Fontes bibliográficas:**

- **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- **Herrera, Enric** (2009). *Teoría Musical y Armonía Moderna*. Antoni Bosch.
- **Haerle, Dan** (1980). *The Jazz Language: A Theory Text for Jazz Composition and Improvisation*. Alfred Music.
- **Aebersold, Jamey** (varios anos). *Aebersold Play-A-Long Series*. Jamey Aebersold Jazz.
- **Russell, George** (1953). *The Lydian Chromatic Concept of Tonal Organization*. Concept Publishing.

➤ **Recursos audiovisuais e dixitais**

- Vídeos e masterclasses dispoñibles en plataformas como **YouTube**
- Transcricións e análise de temas clásicos da música moderna en **The Real Book** e en recursos dixitais como **Sibelius** e **iReal Pro**.

O uso destes recursos permitirá que o alumnado teña acceso a múltiples enfoques e materiais que favorezan unha aprendizaxe completa e contextualizada da harmonía na música moderna.

7.2 Curso 2ª de Harmonía

7.2.1 Obxectivos

No segundo curso de Harmonía, o alumnado profundará nos coñecementos adquiridos previamente, ampliando a súa comprensión da harmonía funcional e explorando novas sonoridades e técnicas de encadeamento harmónico. Os obxectivos principais son:

- **Afondar no coñecemento da harmonía tonal e modal**, identificando os seus elementos característicos e diferenciando os seus usos na música moderna.
- **Comprender e empregar substitucións harmónicas**, progresións secundarias e cadencias máis avanzadas.
- **Desenvolver a capacidade de análise harmónica**, identificando e xustificando os encadeamentos harmónicos en repertorios máis complexos.
- **Aplicar os coñecementos harmónicos á improvisación e á composición**, creando progresións harmónicas coherentes e expresivas.
- **Introducir o concepto de reharmonización**, explorando técnicas para modificar a harmonía dunha peza musical sen alterar a súa esencia melódica.
- **Mellorar a escrita harmónica e o uso de voicings**, utilizando disposicións máis avanzadas e adaptadas a diferentes contextos musicais.
- **Comprender a relación entre harmonía e estilo musical**, identificando as características harmónicas propias do jazz, blues, rock, funk e outros xéneros modernos.
- **Fomentar unha escoita crítica e activa**, recoñecendo os recursos harmónicos utilizados en gravacións e interpretacións.

7.2.2 Contidos

1. Harmonía Tonal Avanzada

- Repaso e ampliación das progresións diatónicas.
- Dominantes secundarias: identificación, función e aplicación.
- Acordes de paso e retardacións harmónicas.
- Encadeamentos modulatórios básicos.

2. Harmonía Modal e Uso de Escalas

- Introducción á harmonía modal: diferenzas co sistema tonal.

- Características dos modos da escala maior e da escala menor.
- Aplicación práctica dos modos na harmonización e na improvisación.

3. Substitucións Harmónicas e Reharmonización

- Substitución tritonal: concepto e uso.
- Substitucións diatónicas e cromáticas.
- Introducción a técnicas básicas de reharmonización.

4. Progresións Harmónicas Avanzadas

- II-V-I en diferentes variantes e aplicacións.
- Círculos de quintas e cadencias modulatorias.
- Progresións características do jazz, blues e funk.

5. Análise Harmónica e Aplicación Práctica

- Estudo de temas representativos da música moderna.
- Análise de progresións harmónicas en gravacións.
- escoita activa e identificación de recursos harmónicos.

6. Aplicación á Composición e á Improvisación

- Creación de progresións harmónicas propias.
- Técnicas para improvisar sobre progresións avanzadas.
- Introducción ao uso da harmonía na composición de cancións e pezas instrumentais.

7.2.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variadas que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/ra en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** desta avaliación parte o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado e así poder planificar o traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia o 35% da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** levarase a cabo nas probas escritas onde o profesor valorará a comprensión e asimilación da materia ensinada. Suporá o 65% da nota.

7.2.3.1 Criterios de avaliación

6. Comprensión dos conceptos fundamentais da harmonía tonal

Valorarase a capacidade do alumnado para identificar e describir correctamente os acordes básicos, as escalas maiores e menores, así como a súa función dentro da tonalidade.

7. Aplicación práctica dos procedementos harmónicos

Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos adquiridos en exercicios escritos, como a formulación de acordes e progresións harmónicas, e a capacidade para elaborar cadencias e progresións sinxelas.

8. Análise de obras musicais

Avaliarase a capacidade para identificar os acordes, cadencias e procedementos harmónicos empregados en fragmentos de obras musicais en análise escrita.

9. Valoración crítica das características harmónicas nas obras estudadas

Avaliarase a capacidade do alumnado para reflexionar sobre os aspectos harmónicos das obras musicais e a súa capacidade para valorar diferentes enfoques e calidades harmónicas.

10. Capacidade para relacionar a harmonía coas formas musicais

Valorarase a comprensión da relación entre os procesos harmónicos e a estrutura formal das obras musicais, especialmente na identificación de cadencias e progresións dentro de diferentes formas.

7.2.3.2 Actividades de avaliación

- **Probas escritas:** exercicios de intervalos, acordes e escalas. Identificar cadencias e funcionalidade dentro da tonalidade.
- **Exercicios prácticos de composición:** composición de progresións harmónicas utilizando acordes triádicos e cuatriádicos e cadencias sinxelas (I-IV V-I, II-V-I).
- **Probas orais:** unha exposición oral ou discusión en clase sobre a análise de obras musicais, debate sobre a relación entre a harmonía e a forma en obras seleccionadas.

7.2.3.3 Mínimos esixibles

1. Recoñecer e definir os elementos básicos da harmonía tonal: acordes triádicos e cuatriádicos (maiores, menores, aumentados e diminuídos), comprender o concepto de tonalidade e os graos principais da escala (tónica, subdominante e dominante).
2. Aplicar os principios fundamentais da harmonía en exercicios escritos sinxelos: escribir progresións harmónicas básicas (I-IV V-I, II-V-I), construír correctamente os modos gregos, elaborar cadencias.
3. Analizar fragmentos musicais sinxelos desde un punto de vista harmónico: identificar en partituras as progresións harmónicas traballadas no curso, comprender a funcionalidade dos acordes dentro dun contexto tonal.
4. Comprender a relación entre harmonía e forma musical: recoñecer o uso das cadencias na estrutura das obras musicais.

7.2.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.

- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre escalas, acordes e progresións harmónicas, exercicios de escritura de cadencias e encadeamentos harmónicos. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de harmonización de melodías sinxelas, pequenas composición baseadas nos conceptos traballados e análises de fragmentos musicais.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.
- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservárase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase,
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.2.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Aspectos a Avaliar	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos e análise harmónica	Probas escritas do coñecemento de escalas, acordes, progresións, cadencias e funcións harmónicas. Identificación e análise de elementos harmónicos en partituras e audicións.	40%
Aplicación práctica da harmonía	Composición de progresións harmónicas, harmonización de melodías, escritura de cadencias e exercicios de composición básica.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Exercicios teóricos e prácticos sobre os contidos do curso.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Implicación nas clases, realización de tarefas, análise de obras e reflexión crítica sobre o uso da harmonía na música moderna.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.2.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3, **Mínimos Exixibles**.

7.2.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Harmonía de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.
Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico e unha proba práctica que poderá consistir na harmonización dunha melodía sinxela, a elaboración dunha progresión harmónica coherente ou a análise harmónica dun fragmento musical.
- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.
A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- Exame teórico: preguntas sobre os conceptos fundamentais da harmonía, análise harmónica dun fragmento musical e identificación e funcionalidade de acordes e progresións harmónicas.
- Proba práctica: harmonización dunha melodía sinxela, elaboración dunha progresión harmónica coherente e funcional.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.2.4 Recursos didácticos

Para facilitar a comprensión e a aplicación dos contidos do curso, empregaranse diversos materiais e ferramentas que permitirán ao alumnado consolidar os seus coñecementos de maneira progresiva e práctica.

➤ Material Didáctico

- **Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado**, con explicacións teóricas e exemplos prácticos.
- **Exercicios progresivos** sobre progresións harmónicas, substitucións, reharmonización e análise musical.
- **Audicións comentadas** de temas representativos da música moderna.
- **Software e aplicacións interactivas**, como Musescore, iReal Pro.
- **Transcricións e partituras** de obras clave no desenvolvemento da harmonía moderna.

➤ Fontes Bibliográficas

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- **Levine, Mark** (1989). *The Jazz Piano Book*. Sher Music Co.
- **Herrera, Enric** (2009). *Teoría Musical y Armonía Moderna*. Antoni Bosch.
- **Haerle, Dan** (1980). *The Jazz Language: A Theory Text for Jazz Composition and Improvisation*. Alfred Music.
- **Aebersold, Jamey** (varios anos). *Aebersold Play-A-Long Series*. Jamey Aebersold Jazz.
- **Russell, George** (1953). *The Lydian Chromatic Concept of Tonal Organization*. Concept Publishing.
- **Corea, Chick & Mchegan, John** (1996). *Chick Corea: A Work in Progress... On Being a Musician*. Hal Leonard.

➤ Recursos audiovisuais e dixitais

- Vídeos e masterclasses dispoñibles en plataformas como **YouTube**.
- Transcricións e análise de temas clásicos da música moderna en **The Real Book** e en recursos dixitais como **Sibelius** e **iReal Pro**.

7.3 Curso 3º de Harmonía

7.3.1 Obxectivos

No terceiro curso, o alumnado consolidará os coñecementos adquiridos nos cursos anteriores e explorará novas estruturas harmónicas máis avanzadas, ampliando a súa capacidade analítica e creativa. Os obxectivos principais son:

- **Afondar na harmonía tonal, modal e cromática**, comprendendo as súas interaccións e aplicacións en diferentes estilos musicais.
- **Dominar o uso de acordes alterados e extensións harmónicas**, aplicándoos de forma coherente en composicións e improvisacións.
- **Manexar técnicas avanzadas de reharmonización**, explorando cambios harmónicos que manteñan a coherencia estilística dunha obra.
- **Identificar e empregar progresións harmónicas complexas**, como modulacións non convencionais, encadeamentos substitutivos e secuencias cromáticas.
- **Ampliar a comprensión da relación entre harmonía e melodía**, favorecendo unha integración máis fluída entre ambas as dimensións musicais.
- **Fomentar a creatividade na composición e arranxos**, aplicando os recursos harmónicos estudados para desenvolver unha identidade musical propia.
- **Desenvolver unha escoita crítica máis profunda**, recoñecendo matices harmónicos avanzados en diversas obras da música moderna.
- **Aplicar a harmonía á improvisación avanzada**, incorporando escalas e acordes máis sofisticados para unha maior expresividade.
- **Comprender a harmonía no contexto de diferentes formacións instrumentais e vocais**, adaptando os coñecementos ás características de cada agrupación.

7.3.2 Contidos

1. Ampliación da Harmonía Tonal e Modal

- Progresións diatónicas avanzadas en diferentes tonalidades.

- Uso de funcións harmónicas substitutivas dentro do sistema tonal.
- Aplicación práctica dos modos menores e derivados da escala maior e menor.
- Modos exóticos e a súa integración na música moderna.

2. Acordes con Extensións e Alteracións

- Acordes de 9^a, 11^a e 13^a: formación, función e aplicación.
- Acordes alterados: uso de #11, b9, #9 e b13.
- Encadeamentos e resolucións características dos acordes alterados.
- Acordes híbridos e sobrepostos.

3. Modulacións e Enlace entre Tonalidades

- Modulacións diatónicas, cromáticas e por intercambio modal.
- Progresións modulatorias non convencionais.
- Modulacións abruptas e por cambio de centro tonal.

4. Técnicas Avanzadas de Reharmonización

- Reharmonización por substitucións tritonadas e secundarias.
- Uso de pedal, bordón e notas pivote na reharmonización.
- Técnicas de reharmonización aplicadas á improvisación e á composición.

5. Progresións Harmónicas Complexas

- Cadencias plagalizadas, rota e interrompida.
- Círculo de quintas avanzado e secuencias harmónicas expansivas.
- Encadeamentos cromáticos e progresións sen tonalidade definida.
- Aplicacións en estilos contemporáneos como jazz fusión, neo-soul e rock progresivo.

6. Harmonía Aplicada á Improvisación e Composición

- Improvisación sobre progresións non convencionais.
- Aplicación de escalas modais e simétricas sobre acordes alterados.
- Creación de atmosferas harmónicas con clusters e harmonías abertas.
- Desenvolvemento dunha linguaxe harmónica persoal.

7. Análise Harmónica Avanzada

- Estudo de obras e temas icónicos da música moderna.
- Análise de harmonizacións e arranxos complexos.
- Comparación de diferentes enfoques harmónicos segundo os estilos musicais.

7.3.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variadas que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/ra en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** desta avaliación parte o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado e así poder planificar o traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia o 35% da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** levarase a cabo nas probas escritas onde o profesor valorará a comprensión e asimilación da materia ensinada. Suporá o 65% da nota.

7.3.3.1 Criterios de avaliación

11. Comprensión dos conceptos fundamentais da harmonía tonal

Valorarase a capacidade do alumnado para identificar e describir correctamente os acordes básicos, as escalas maiores e menores, así como a súa función dentro da tonalidade.

12. Aplicación práctica dos procedementos harmónicos

Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos adquiridos en exercicios escritos, como a formulación de acordes e progresións harmónicas, e a capacidade para elaborar cadencias e progresións sinxelas.

13. Análise de obras musicais

Avaliarase a capacidade para identificar os acordes, cadencias e procedementos harmónicos empregados en fragmentos de obras musicais en análise escrita.

14. Valoración crítica das características harmónicas nas obras estudadas

Avaliarase a capacidade do alumnado para reflexionar sobre os aspectos harmónicos das obras musicais e a súa capacidade para valorar diferentes enfoques e calidades harmónicas.

15. Capacidade para relacionar a harmonía coas formas musicais

Valorarase a comprensión da relación entre os procesos harmónicos e a estrutura formal das obras musicais, especialmente na identificación de cadencias e progresións dentro de diferentes formas.

7.3.3.2 Actividades de avaliación

- **Probos escritos:** exercicios de intervalos, acordes e escalas. Identificar cadencias e funcionalidade dentro da tonalidade.
- **Exercicios prácticos de composición:** composición de progresións harmónicas utilizando acordes triádicos e cuatriádicos e cadencias sinxelas (I-IV V-I, II-V-I).
- **Probos orais:** unha exposición oral ou discusión en clase sobre a análise de obras musicais, debate sobre a relación entre a harmonía e a forma en obras seleccionadas.

7.3.3.3 Mínimos esixibles

1. Recoñecer e definir os elementos básicos da harmonía tonal: acordes triádicos e cuatriádicos (maiores, menores, aumentados e diminuídos), comprender o concepto de tonalidade e os graos principais da escala (tónica, subdominante e dominante).
2. Aplicar os principios fundamentais da harmonía en exercicios escritos sinxelos: escribir progresións harmónicas básicas (I-IV V-I, II-V-I), construír correctamente os modos gregos, elaborar cadencias.

3. Analizar fragmentos musicais sinxelos desde un punto de vista harmónico: identificar en partituras as progresións harmónicas traballadas no curso, comprender a funcionalidade dos acordes dentro dun contexto tonal.

4. Comprender a relación entre harmonía e forma musical: recoñecer o uso das cadencias na estrutura das obras musicais.

7.3.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.
- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre escalas, acordes e progresións harmónicas, exercicios de escritura de cadencias e encadeamentos harmónicos. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de harmonización de melodías sinxelas, pequenas composición baseadas nos conceptos traballados e análises de fragmentos musicais.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.
- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservarase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase.
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.3.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Aspectos a Avaliar	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos e análise harmónica	Probas escritas do coñecemento de escalas, acordes, progresións, cadencias e funcións harmónicas. Identificación e análise de elementos harmónicos en partituras e audicións.	40%
Aplicación práctica da harmonía	Composición de progresións harmónicas, harmonización de melodías, escritura de cadencias e exercicios de composición básica.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Exercicios teóricos e prácticos sobre os contidos do curso.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Implicación nas clases, realización de tarefas, análise de obras e reflexión crítica sobre o uso da harmonía na música moderna.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.3.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3, **Mínimos Exixibles**.

7.3.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Harmonía de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.

Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico e unha proba práctica que poderá consistir na harmonización dunha melodía sinxela, a elaboración dunha progresión harmónica coherente ou a análise harmónica dun fragmento musical.

- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.

A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- Exame teórico: preguntas sobre os conceptos fundamentais da harmonía, análise harmónica dun fragmento musical e identificación e funcionalidade de acordes e progresións harmónicas.
- Proba práctica: harmonización dunha melodía sinxela, elaboración dunha progresión harmónica coherente e funcional.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.3.4 Recursos didácticos

Para facilitar a comprensión e a aplicación dos contidos do curso, empregaranse diversos materiais e ferramentas que permitirán ao alumnado consolidar os seus coñecementos de maneira progresiva e práctica.

- **Material Didáctico**
 - **Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado,** con explicacións teóricas e exemplos prácticos.

- **Exercicios progresivos** sobre progresións harmónicas, substitucións, reharmonización e análise musical.
- **Audicións comentadas** de temas representativos da música moderna.
- **Software e aplicacións interactivas**, como Musescore, iReal Pro.
- **Transcricións e partituras** de obras clave no desenvolvemento da harmonía moderna.

➤ **Fontes Bibliográficas**

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- **Levine, Mark** (1989). *The Jazz Piano Book*. Sher Music Co.
- **Herrera, Enric** (2009). *Teoría Musical y Armonía Moderna*. Antoni Bosch.
- **Haerle, Dan** (1980). *The Jazz Language: A Theory Text for Jazz Composition and Improvisation*. Alfred Music.
- **Aebersold, Jamey** (varios anos). *Play-A-Long Series* (volumes específicos sobre reharmonización e voicings).
- **Russell, George** (1953). *The Lydian Chromatic Concept of Tonal Organization*. Concept Publishing.
- **Coker, Jerry** (1964). *Improvising Jazz / Listening to Jazz*.
- **Mehegan, John** (1959-1971). *Jazz Piano series*.

➤ **Recursos audiovisuais e dixitais**

- Vídeos e masterclasses dispoñibles en plataformas como **YouTube**.

7.4 Curso 4º de Harmonía

7.4.1 Obxectivos

No cuarto curso, o alumnado alcanzará un nivel avanzado no manexo da linguaxe harmónica, sendo quen de aplicar os coñecementos adquiridos en contextos compositivos, analíticos e creativos. Esta etapa final busca consolidar a comprensión profunda da harmonía moderna e fomentar a autonomía musical mediante o uso consciente e persoal dos recursos harmónicos. Os obxectivos principais son:

- **Consolidar a linguaxe harmónica moderna**, empregando estruturas complexas con coherencia estilística e expresiva.
- **Aplicar técnicas avanzadas de reharmonización e substitución**, afondando na súa funcionalidade musical en distintos contextos.
- **Explorar sistemas harmónicos contemporáneos**, como o concepto cromático-lidiano ou enfoques modais e atonais.
- **Desenvolver proxectos creativos**, compoñendo e arranxando obras propias con identidade harmónica persoal.
- **Analizar obras representativas da música moderna**, recoñecendo recursos harmónicos avanzados e o seu valor expresivo.
- **Adaptar os coñecementos harmónicos a diferentes estilos e formacións**, valorando as posibilidades tímbricas e formais.
- **Reflexionar criticamente sobre a evolución da harmonía**, identificando tendencias actuais e enfoques innovadores.
- **Integrar a harmonía na improvisación e interpretación**, con liberdade creativa e capacidade de decisión autónoma.

7.4.2 Contidos

1. Harmonía avanzada:

- Profundamento na análise e elaboración de progresións harmónicas complexas.
- Técnicas de reharmonización, modulacións non convencionais e substitucións harmónicas.
- Acordes estendidos e alterados en contextos modernos.
- Aplicación de acordes disonantes e técnicas cromáticas en música moderna.

2. Harmonía na música moderna:

- A harmonía no jazz e en estilos contemporáneos (funk, soul, música experimental).

- Uso da harmonía modal e escalas exóticas.
- Modulación cromática e a súa relación coa mellora da expresividade musical.

3. Análise harmónica avanzada:

- Estudo de obras representativas da música moderna (análise de compositores clave e as súas linguaxes harmónicas).
- Análise crítica da relación entre harmonía, melodía e forma en obras complexas.
- Identificación de procedementos harmónicos avanzados nas pezas analizadas.

4. Reflexión e creatividade:

- Fomento da creatividade e da autonomía na toma de decisións harmónicas.
- Desenvolvemento dunha linguaxe harmónica persoal a través da experimentación e creación.

7.4.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variadas que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/ra en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

- **Avaliación inicial:** desta avaliación parte o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado e así poder planificar o traballo de intervención educativa.
- **Avaliación continua:** o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia o 35% da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.
- **Avaliación puntual:** levarase a cabo nas probas escritas onde o profesor valorará a comprensión e asimilación da materia ensinada. Suporá o 65% da nota.

7.4.3.1 Criterios de avaliación

16. Comprensión dos conceptos fundamentais da harmonía tonal

Valorarase a capacidade do alumnado para identificar e describir correctamente os acordes básicos, as escalas maiores e menores, así como a súa función dentro da tonalidade.

17. Aplicación práctica dos procedementos harmónicos

Avaliarase a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos adquiridos en exercicios escritos, como a formulación de acordes e progresións harmónicas, e a capacidade para elaborar cadencias e progresións sinxelas.

18. Análise de obras musicais

Avaliarase a capacidade para identificar os acordes, cadencias e procedementos harmónicos empregados en fragmentos de obras musicais en análise escrita.

19. Valoración crítica das características harmónicas nas obras estudadas

Avaliarase a capacidade do alumnado para reflexionar sobre os aspectos harmónicos das obras musicais e a súa capacidade para valorar diferentes enfoques e calidades harmónicas.

20. Capacidade para relacionar a harmonía coas formas musicais

Valorarase a comprensión da relación entre os procesos harmónicos e a estrutura formal das obras musicais, especialmente na identificación de cadencias e progresións dentro de diferentes formas.

7.4.3.2 Actividades de avaliación

- **Probas escritas:** exercicios de intervalos, acordes e escalas. Identificar cadencias e funcionalidade dentro da tonalidade.
- **Exercicios prácticos de composición:** composición de progresións harmónicas utilizando acordes triádicos e cuatriádicos e cadencias sinxelas (I-IV V-I, II-V-I).

- **Probas orais:** unha exposición oral ou discusión en clase sobre a análise de obras musicais, debate sobre a relación entre a harmonía e a forma en obras seleccionadas.

7.4.3.3 Mínimos esixibles

1. Recoñecer e definir os elementos básicos da harmonía tonal: acordes triádicos e cuatriádicos (maiores, menores, aumentados e diminuídos), comprender o concepto de tonalidade e os graos principais da escala (tónica, subdominante e dominante).
2. Aplicar os principios fundamentais da harmonía en exercicios escritos sinxelos: escribir progresións harmónicas básicas (I-IV V-I, II-V-I), construír correctamente os modos gregos, elaborar cadencias.
3. Analizar fragmentos musicais sinxelos desde un punto de vista harmónico: identificar en partituras as progresións harmónicas traballadas no curso, comprender a funcionalidade dos acordes dentro dun contexto tonal.
4. Comprender a relación entre harmonía e forma musical: recoñecer o uso das cadencias na estrutura das obras musicais.

7.4.3.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación do alumnado realizarase a través de diferentes procedementos que permitirán medir tanto a adquisición de coñecementos teóricos como a súa aplicación práctica. Estes procedementos estarán apoiados por ferramentas específicas para garantir unha valoración obxectiva e completa do proceso de aprendizaxe.

- **Observación sistemática:** será realizada diariamente nas clases, tendo en conta a participación activa nas clases, realización de exercicios escritos e orais, aplicación dos coñecementos en análise e composición e a capacidade de reflexionar e argumentar sobre os contidos estudados.
- **Probas escritas e prácticas:** realizaranse avaliacións teóricas e prácticas para comprobar a adquisición dos coñecementos. As probas teóricas realizaranse mediante cuestionarios e exames sobre escalas, acordes e progresións harmónicas, exercicios de escritura de cadencias e encadeamentos harmónicos. As probas prácticas realizaranse mediante exercicios de harmonización de melodías sinxelas, pequenas composición baseadas nos conceptos traballados e análises de fragmentos musicais.
- **Avaliación final:** ó remate do curso, realizarase unha proba global na que o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

En canto ás ferramentas para a recollida de datos durante o seguimento ao alumnado serán:

- Realización de probas puntuais durante a clase.
- Realización de tres exames (un por trimestre). Os exames significarán un resumo dos contidos e procedementos impartidos ata ese momento. Para a realización do exame reservarase un día lectivo, no horario habitual da clase, e poderá ampliarse a súa duración e a extensión se o exercicio o require.

O exame trimestral poderá constar de dúas partes:

- Unha ou varias preguntas teóricas referidas ao explicado na clase,
- Un exercicio longo de harmonización ou varios exercicios máis breves.

No caso de imposibilidade do alumnado de presentarse ao exame por conflitos de horario cos estudos de réxime xeral ou por traballo, estudarase a posibilidade de realizalo noutro horario previa presentación dun xustificante oficial do centro onde estuda ou da empresa na que traballa.

7.4.3.5 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

Aspectos a Avaliar	Descrición	Porcentaxe
Conceptos teóricos e análise harmónica	Probas escritas do coñecemento de escalas, acordes, progresións, cadencias e funcións harmónicas. Identificación e análise de elementos harmónicos en partituras e audicións.	40%
Aplicación práctica da harmonía	Composición de progresións harmónicas, harmonización de melodías, escritura de cadencias e exercicios de composición básica.	30%
Exercicios escritos e prácticos	Exercicios teóricos e prácticos sobre os contidos do curso.	20%
Actitude, participación e traballos adicionais	Implicación nas clases, realización de tarefas, análise de obras e reflexión crítica sobre o uso da harmonía na música moderna.	10%

As cualificacións expresaranse en números enteiros do 1 ao 10, sendo necesario obter un 5 para superar o trimestre e/ou o curso. No caso de notas con decimais, aplicarase o redondeo ao enteiro superior cando o decimal sexa maior que 0,5 ($> 0,5$).

7.4.3.6 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A autorización excepcional para a ampliación de matrícula ao curso seguinte é competencia do Consello Escolar do centro, previa solicitude do alumnado e tras a orientación do profesorado. Para concedela, teranse en conta criterios obxectivos, así como a madureza e a capacidade de aprendizaxe do estudante para afrontar o novo curso.

O Departamento de Musicoloxía do CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas establece como requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula a superación

dunha proba escrita. Esta proba deberá demostrar que o alumno/a alcanzou todos os obxectivos recollidos na programación do curso que desexa superar.

A avaliación basearase nos criterios específicos do curso en cuestión, e a cualificación final determinarase integramente a partir da proba escrita, de acordo cos aspectos detallados no apartado 7.2.3, **Mínimos Exixibles**.

7.4.3.7 Medidas de recuperación

Co obxectivo de garantir que todo o alumnado alcance os coñecementos e competencias esixidas na materia de Harmonía de Música Moderna, establécense as seguintes medidas de recuperación para aqueles que non superen as avaliacións ordinarias ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

- **Procedementos de recuperación ordinarios:** no caso de perda de avaliación continua, o alumno/a terá dereito á realización dunha proba escrita que dará como resultado a nota da súa avaliación final de xuño.

Esta proba estará deseñada para avaliar tanto os conceptos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando que o alumnado adquiriu as competencias necesarias para superar a materia mediante un exame teórico e unha proba práctica que poderá consistir na harmonización dunha melodía sinxela, a elaboración dunha progresión harmónica coherente ou a análise harmónica dun fragmento musical.

- **Probas extraordinarias de setembro:** Os alumnos e alumnas que non superen a materia ao finalizar o curso terán a posibilidade de presentarse ás probas extraordinarias de setembro, co obxectivo de recuperar os contidos pendentes e demostrar a adquisición dos coñecementos esenciais da sinatura.

A proba extraordinaria estará deseñada para avaliar tanto os aspectos teóricos como a súa aplicación práctica, asegurando unha aprendizaxe real e efectiva. Constará de dúas partes:

- Exame teórico: preguntas sobre os conceptos fundamentais da harmonía, análise harmónica dun fragmento musical e identificación e funcionalidade de acordes e progresións harmónicas.
- Proba práctica: harmonización dunha melodía sinxela, elaboración dunha progresión harmónica coherente e funcional.

Aplicaranse os criterios de avaliación establecidos para o curso e, no que respecta á cualificación, esta basearase exclusivamente na nota obtida nas probas.

7.4.4 Recursos didácticos

Para facilitar a comprensión e a aplicación dos contidos do curso, empregaranse diversos materiais e ferramentas que permitirán ao alumnado consolidar os seus coñecementos de maneira progresiva e práctica.

➤ **Material Didáctico**

- **Apuntes e esquemas elaborados polo profesorado**, con explicacións teóricas e exemplos prácticos.
- **Exercicios progresivos** sobre progresións harmónicas, substitucións, reharmonización e análise musical.
- **Audicións comentadas** de temas representativos da música moderna.
- **Software e aplicacións interactivas**, como Musescore, iReal Pro.
- **Transcricións e partituras** de obras clave no desenvolvemento da harmonía moderna.

➤ **Fontes Bibliográficas**

A seguinte bibliografía servirá como referencia para o estudo e profundización nos contidos do curso:

- **Levine, Mark** (1995). *The Jazz Theory Book*. Sher Music Co.
- **Levine, Mark** (1989). *The Jazz Piano Book*. Sher Music Co.
- **Herrera, Enric** (2009). *Teoría Musical y Armonía Moderna*. Antoni Bosch.
- **Haerle, Dan** (1980). *The Jazz Language: A Theory Text for Jazz Composition and Improvisation*. Alfred Music.
- **Aebersold, Jamey** (varios anos). *Play-A-Long Series* (volumes específicos sobre reharmonización e voicings).
- **Russell, George** (1953). *The Lydian Chromatic Concept of Tonal Organization*. Concept Publishing.
- **Coker, Jerry** (1964). *Improvising Jazz / Listening to Jazz*.
- **Mehegan, John** (1959-1971). *Jazz Piano Series*.
- **Smith, S. E.** (2010). *Harmony in Western Music*.
- **Kostka, Stefan & Payne, Dorothy** (2017). *Tonal Harmony*.

➤ **Recursos audiovisuais e dixitais**

- Vídeos e masterclasses dispoñibles en plataformas como **YouTube**.

8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que "[...] *a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa* [...]". este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolve no apartado correspondente de cada curso). da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración ou actualización da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Percusión para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos.
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.

► **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trátaranse todos estes puntos ademais dos que o profesor considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

10. Anexos

10.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional

Na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios pódese encontrar toda a información referente a este punto.

Documento de información sobre as probas de acceso.

10.2 Probas de acceso a outros cursos

Do mesmo xeito que no punto anterior, toda a información relativa ás probas de acceso a outros cursos atópase na páxina web e no taboleiro de anuncios do centro.

Información sobre as probas de acceso a outros cursos.

10.3 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas, xustificadas e sen xustificar. O alumnado perderá o dereita á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ó 30% ou máis das clases ó longo do curso. Isto supón que non se poden ter máis de 6 faltas sen xustificar ou 9 xustificadas, pero nunca máis de 9 en total, sexan xustificada ou non.

Para a xustificación das faltas habrá dispoñible na conserxería e na páxina web do centro un formulario a tal efecto que debe ser cuberto e entregado ó profesor, que será a persoa que acepte ou non a falta como xustificada.